

ORDENANZA FISCAL 2.11, REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVICIO RECOLLIDA DE RESIDUOS

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que apróbase o texto Refundido da lei das facendas locais, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo recollida, transporte e tratamento de residuos, que se rexerá pola presente Ordenanza e demais normativa de aplicación.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitue o feito imponible desta taxa a actividade administrativa, de recepción obrigatoria, da prestación do servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

Artigo 3º. Suxeito pasivo

1.-Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que ocupen, utilicen ou dispoñan de vivendas ou locais suxeitos á taxa sexan a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario, ou incluso de precario.

2.-Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aqueles beneficiarios do servizo.

Artigo 4º. Exencions e bonificacións

So admitiranse os beneficios fiscais que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 5º. Cota tributaria

1.-A cota Tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de inmovible o local, que se determinará en función da natureza ou destino dos inmovibles.

2.-A tal efecto, aplicarase as seguintes tarifas:

Epígrafe	Concepto	Cota anual	Mínimo	Máximo
1.1	Vivendas recollida en zona urbana	63,00 €		
1.2	Vivendas recollida no resto de zonas	47,00 €		
2.1	Bares, restaurantes, salas de festa e similares (por m ²)	2,20 €/ m ²	140,00€	680,00€
2.2	Comercios de alimentación, autoservicios e supermercados ata 800m ² (por m ²)	2,95 €/ m ²	180,00€	
2.2.1	Comercios de alimentación, autoservicios e supermercadosde mais de 800 m ² (por cada m ²)	3,15€/ m ²		
2.3	Residencias, pensións, e outros establecementos hoteleiros e similares			
2.3.1	– Ata 5 prazas	116,00 €		
2.3.2	– De 6 prazas en adiante, por praza	11,00 €/praza adicional		
2.4	Locales adicados a Centros de ensino, estudos, despachos, oficinas e similares	1,10 €/ m ²	60,00€	450,00€
2.5	Establecementos adicados a ferreterías e aluguer de maquinaria	1,30 €/ m ²	140,00€	450,00€
2.6	Outros establecementos non tarifados expresamente (ata 100 m ²)	1,30 €/ m ²	80,00€	
2.3.1	Outros establecementos non tarifados expresamente (máis de 100 m ²)	1,30 €/ m ²	140,00€	450,00€

3. -Normas específicas.

a) No caso das vivendas, tributarán pola taxa aínda que non estean ocupadas. A solicitude do interesado, mediante informe elaborado por técnico competente que acredite que non se atopan en condicións para ser habitables, daranse de baixa no padrón por un prazo máximo de tres exercicios, transcurrido o cal deberáse renovarse e acreditarse a baixa no padrón. En caso de agrupación ou división de vivendas, deberáse achegar igualmente o informe técnico que o acredite. A emisión do informe correspondente polos técnicos municipais suporá unha taxa foxa de 20,00 €

b) No caso de locais do epígrafe 2.1, para o cómputo da superficie afecta a actividade ademais da destinada ao público, a adicada a cociñas, aseos, e as terrazas interiores e exteriores en terreo privado.

c) No caso de locais do epígrafe 2.2, para o para o cómputo da superficie afecta a actividade incluírase a adicada a almacéns e outras dependencias accesorias a actividade principal.

d) Cando por un mesmo local se veñan desenvolvendo actividades que tributen en distintos conceptos, pagarase a tarifa correspondente á actividade cuxa tarifa sexa maior.

e) As actividades industriais que teñan recollida específica de residuos para a actividade principal, unicamente pagarán o importe mínimo do epígrafe correspondente.

f) Para as actividades dos epígrafes 2.4, 2.5 e 2.6 computarase a totalidade dos metros adicados á actividade, coa cota máxima sinalada para o epígrafe correspondente

Artigo 6º. Devengo

1. Devengarase a Taxa e nacera a obriga de contribuír desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando esté establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de residuos.
2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se produciase con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producirá o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcurrido o devengo.

Artigo 7º. Xestión

1. O cobramento das cotas efectuarase anualmente mediante recibo derivado do padrón, liquidación ou autoliquidación, nos casos que correspondan.
2. De conformidade co artigo 102 da Lei 58/2003, Xeneral Tributaria, cando se presente unha alta ou se comunique a incorporación no padrón correspondente, non será necesaria a notificación de liquidacións posteriores e incorporaranse directamente os datos correspondentes aos padróns fiscais.
3. Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda.
4. A Administración poderá comprobar a realidade dos datos achegados polo interesado así como calquera outros que haxan de servir de base para o cálculo da cota correspondente e practicará, se fose procedente, a liquidación oportuna.
5. Cando se coñeza, de oficio ou por comunicación dos interesados, calquier variación dos datos figurados no padrón do tributo, levaráanse a cabo as modificacións correspondentes. As alteracións ou variacións que supoñan cambio de tarifa, terán efectos no trimestre natural no que se produzan.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2016, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.